

Guía rápida

Admisión FP 2024-2025

FP Dual intensiva



PRAZOS PARA CALQUERA SOLICITUDE



24 xuño desde as 9 h



ata o 4 xullo ás 13 h





 Unicamente será tida en conta a última solicitude realizada para cada oferta

FP dual intensiva

Requisitos de acceso

- »» Ter 18 anos ou facelos no ano natural no que comece o ciclo formativo.





- »» Cumprir os requisitos **xerais/académicos** de acceso aos ciclos formativos.


- »» Non ter realizado con anterioridade un contrato de formación en alternancia.

- »» Non ter superado ningún módulo profesional do ciclo formativo do proxecto solicitado, agás que fose cursando outro ciclo formativo.

- »» O alumnado que teña 16 anos no momento de incorporación á empresa e que cumpra os requisitos de acceso poderase matricular nos proxectos de formación profesional dual intensiva nos que, logo de rematado o período ordinario de matriculación no proceso de admisión a estas ensinanzas, queden prazas vacantes e non exista listaxe de espera.

Solicitude para primeiro curso

- »» Unha **solicitude** para **un único proxecto** de FP dual intensiva, a través de:   [Ciclosadmisión](#)
- »» A **aplicación avisará** se fose necesario achegar documentación.  Pódese engadir en soporte electrónico.
- »» A aplicación informará se é necesario presentar **resgardo da solicitude e documentación** nun centro.  Sucede cando os datos non se achegan, son insuficientes ou non se dá permiso para que a Administración os consulte



 **Lembra!**

**No momento en que te matricules
para o curso 2024/25 en:**

ESO

Bacharelato

FP (*)

(*)aínda que sexa só FCT

**No momento en que teñas praza
adxudicada ou te matricules en:**

FP Dual Intensiva

Cursos de especialización

Finalizará a participación no
proceso de admisión e xa non será
adxudicada praza no resto de
opcións solicitadas (*)

(*) agás o disposto para matrícula simultánea

Consulta de información

Para a consulta da situación individual pódese usar:



- DOI e o código da solicitude.
- Usuario e contrasinal de edu.xunta.gal (exemplo, usuarios de NERTA).
- Chave 365.
- Certificado dixital.

Toda a **información** do proceso de admisión a FP pódese atopar en:




www.edu.xunta.gal/fp

Resolución provisional

-  O día **8 de xullo** poderase consultar a **resolución provisional**.
-  O prazo de **reclamacións** é desde o **día 8 ás 9:00 horas** ata o **10 de xullo ás 13:00 horas**.



Resolución definitiva

 O día **12 de xullo** poderase consultar de xeito individualizado a información da resolución definitiva.

 Pódese consultar na ligazón [Ciclosadmisión](#)





Inicio

Benvidos a Ciclosadmisión (Curso 2024-2025)




Ciclosadmisión é unha aplicación desenvolvida pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional:

- Admisión a FP: ciclo medio e de ciclo superior e cursos de especialización en centros docentes sostidos con fondos públicos.
 - O [asistente web](#) para realizar unha solicitude de admisión a ciclos formativos só estará dispoñible durante os períodos de presentación de solicitudes.
 - Vídeo de axuda do asistente web para realizar unha solicitude de admisión a ciclos formativos. [Prema aquí](#).
- Admisión centralizada, é dicir, a través deste asistente web, afecta a:
 - 1º curso de oferta ordinaria (antigamente 1º curso de réxime ordinario).
 - Oferta modular, tanto modalidade presencial como semipresencial ou a distancia (antigamente réxime para as persoas adultas).
 - 1º curso de FP dual intensiva (antigamente FP dual).
 - Cursos de especialización.
 - Probas libres de títulos LOE (habitualmente no mes de abril).





Período de selección do alumnado

-  Os centros e as entidades colaboradoras realizarán as **entrevista e a selección** de persoal desde o **día 8 ao 12 de xullo ás 12:00 horas**.
-  O día **12 de xullo** antes das 12:00 horas cargaranse na aplicación informática as persoas seleccionadas.
-  As persoas seleccionadas para un proxecto de FP dual intensiva quedarán excluídas do proceso de admisión a outras ofertas de ciclos formativos e de cursos de especialización.
-  No caso de non seren admitidas en ningún proxecto de FP dual intensiva poderán continuar nos outros procesos de admisión a ciclos formativos e a cursos de especialización.

Adxudicación e matrícula

-  O día **15 de xullo** poderase consultar de xeito individualizado a relación de persoas admitidas e en espera en cada proxecto de FP dual intensiva.
-  As persoas admitidas pódense matricular no prazo abranguido entre o **día 16 ás 9:00 horas e o día 24 de xullo ás 13:00 horas**.
-  ! De non facelo perderán os dereitos sobre a matrícula da praza adxudicada.

Liberación de prazas

-  Pódense liberar prazas vacantes dos ciclos formativos con proxectos de FP dual intensiva **ata o 20 de setembro ás 13:00 horas.**
-  É necesario acreditar o cumprimento dos requisitos de acceso e superar o proceso de selección establecido pola entidade colaboradora e o centro educativo.
-  Ademais poderase matricular o alumnado que teña 16 anos no momento de incorporación á empresa e que cumpra os requisitos de acceso.
-  Esta consulta poderase facer na ligazón www.edu.xunta.gal/fp

Acceso de persoas con titulación estranxeira

- ! Os datos persoais e académicos da credencial de homologación ou da declaración responsable para inscrición condicionada teñen que coincidir cos da solicitude de admisión.
- 📎 No espazo habilitado na aplicación para cargar a documentación de estudos estranxeiros deberase achegar:

Se dispón de homologación do título estranxeiro:

- Documento oficial de identidade (DOI).⁽¹⁾
- Homologación do título.

Se non dispón da homologación:

- Documento oficial de identidade.
- Solicitude de homologación e/ou validación de títulos e estudos estranxeiros de ensinanza non universitarias co selo de rexistro de entrada.
- Declaración responsable para inscrición condicionada en centro docente e/ou exame oficial co selo de rexistro de entrada.
- Resgardo de pagamento da taxa de solicitude de homologación (excepto para o título de ESO).

⁽¹⁾ Cando a identidade coa que se obtivo a homologación sexa diferente ao DOI, será necesario achegar certificado do Rexistro Civil ou da Policía onde se acredite que se trata da mesma persoa.